

RETO MUSICAL 1:

"RECOLLIDA DE SONS NA CASA"

Para esta actividade necesitamos:

- Un caderno, libreta ou papeis.
- Un boli, un lapis ou un rotu.
- Lapis ou rotus de cores.
- Orellas atentas e limpas.
- Ganas de buscar sons!

Imos a crear a nosa biblioteca de sons!

1. Facer unha portada bonita para o noso libriño de "Sons caseiros"(este pode ser o título).
2. Buscar cos ollos cousas de dentro da casa ou de fóra se podes, que poidan facer sons.
3. Probar os sons e escoller os dous que máis che gusten cada día.
4. Escríbeos e debúxaos no teu libriño. Que queden ben bonitos!
5. Cada día intenta escoller e atopar sons novos para que a túa pequena biblioteca quede o máis completa posible!

